

ACTA RESULTADOS DEFINITIVOS CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA CUBRIR CON CARÁCTER TEMPORAL UNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, ADSCRITA Á AREA OBRAS E SERVIZOS, ENCADRADA NO GRUPO IV/V DO CONCELLO DE MEIS, E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA

Nas dependencias da Casa Consistorial do Concello, sito en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis), sendo as 09:00 horas do día 4 de xullo de 2025, reúnen-se os membros do tribunal cualificador para a cualificación final no marco do proceso selectivo para a provisión, mediante concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0244, de data 25 de abril de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 82, do venres 2 de maio de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: D. Rodrigo Parada Vázquez, Operario do Concello de Meis.
- Vogal: D. Juan Manuel Gómez Torres, Operario da Mancomunidade do Salnés.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, indícase que desde o Rexistro do Concello de Meis non se remite ningunha alegación ou reclamación á listaxe cos resultados provisionais da cualificación da fase de concurso publicada no Taboleiro de anuncios da sede electrónica o día 1 de xullo de 2025.

En virtude do resultado do proceso selectivo, o Tribunal ACORDA, por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL PUNTOS
SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS	**8185***	60,00	1,50	61,50
BARCALA ABALO ALEJANDRO	**6314***	55,00	5,65	60,65
ABAL RUIBAL DAVID	**9300***	45,00	10,70	55,70
RODIÑO GRAÑA MIGUEL	**0757***	40,00	4,60	44,60



SEGUNDO.- Propoñer á Alcaldía, de conformidade co disposto na Base Novena das bases que rexen a convocatoria, para a súa contratación como persoal laboral temporal, de SEIJAS SILVA JOSÉ LUIS, con DNI número **8185***, candidato que obtivo o primeiro posto do proceso selectivo convocado para a provisión mediante concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

TERCEIRO.- O aspirante seleccionado proposto para contratación presentará no prazo máximo de cinco (5) días naturais desde a publicación desta acta na sede electrónica do Concello a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaración responsable de non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.
- Certificado médico oficial sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.
- Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.
- Certificado de conta bancaria.
- Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

Se transcorrido o prazo mencionado, e salvo causa xustificada de forza maior, o aspirante non presentara correctamente a documentación requirida ou finalmente non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser contratado.

Finalizado o prazo de presentación da documentación acreditativa dos requisitos esixidos neste procedemento, o órgano competente ditará decreto dispoñendo a contratación como persoal laboral temporal á persoa aspirante proposta polo Tribunal cualificador. Este decreto será notificado á persoa interesada e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. A formalización do contrato de traballo e a simultánea incorporación ao posto de traballo da praza convocada deberá efectuarse dentro do prazo máximo de 15 días a partir da publicación da resolución.

CUARTO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>] e na páxina web do Concello: www.meis.gal.



Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico, alcaldesa-presidenta da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

E non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as nove horas e dez minutos do venres día catro de xullo de dous mil vinte e cinco, a señora Presidenta da por concluída a reunión do Tribunal Cualificador, levantando a sesión e para a súa constancia expídese a presente acta, que consta de tres folios, da que como Secretario dou fe, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

